

## XUNTA DE CENTRO ORDINARIA

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Centro da Escola Superior de Enxeñaría Informática da Universidade de Vigo convocada para o 20 de febreiro de 2015, venres, ás 9:00 horas en primeira convocatoria e ás 9:30 en segunda convocatoria, na Aula Magna do Edificio Politécnico do Campus de Ourense.

Ás 9:36 horas deu comezo a sesión, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (19/12/2014).
2. Informe da Directora.
3. Aprobación, se procede, da renovación anual do programa conxunto ADE-EI.
4. Aprobación, se procede, do límite de prazas do programa conxunto ADE-EI para o curso 2015/2016.
5. Aprobación, se procede, do límite de prazas da Titulación de Grao en Enxeñaría Informática para o curso 2015/2016.
6. Aprobación, se procede, do límite de prazas do curso ponte para o curso 2015/2016.
7. Aprobación, se procede, da proposta de encargo docente (PDA) da titulación de Grao en Enxeñaría Informática e da lista priorizada de departamentos para o curso 2015/2016.
8. Aprobación, se procede, de materias con docencia en inglés da Titulación de Grao en Enxeñaría Informática para o curso 2015/2016.
9. Aprobación, se procede, dos criterios de elaboración de horarios para o curso 2015/2016.
10. Nomeamento, se procede, de coordinadores/as de titulación, de cursos de Grao, de TFG, de prácticas en empresas, e de programas de mobilidade para o curso 2015/2016.
11. Aprobación, se procede, dos criterios de reparto dos recoñecementos docentes do centro para o curso 2015/2016.
12. Adhesión, se procede, da Xunta de Centro da ESEI ó escrito a prol da dignificación da docencia na Universidade de Vigo proposto polo Comité de PDI de Ourense.

13. Asuntos de trámite.

14. Queixas e suxestións.

15. Rolda de intervencións, rogos e preguntas.